

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 9 DE SETEMBRO DE 2021

Ás 10:05 horas do día 9 de setembro de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 6 de setembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D. Alberto Escariz Couso, interventor xeral  
D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno  
D<sup>a</sup>. Fátima María Dueñas Corchero, xefa de Turismo e Industria (asiste aos puntos 9c e 10c)  
D. Rubén Peña Barceló, xefe do Servizo de Deportes (asiste aos puntos 9b e 10b)  
D<sup>a</sup>. Ruth María Santos Gallego, suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario (asiste aos puntos 8, 9a, 9d, 10a e 10d)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados**

#### **a) Procedemento aberto, das obras para a execución do proxecto de "Rexeneración do paseo do fronte marítimo da vila de Bouzas" (875-441)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 26 de agosto de 2021, en cumprimento do acordado na sesión do 25 de agosto, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con ORECO, S.A.U.

Durante o prazo concedido, o licitador presentou documentación da que se deu traslado ao servizo.

O 31 de agosto de 2021 a enxeñeira industrial e o xefe do Servizo Administrativo e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:12	Páxina 1 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAC44-CHDA21-42A8C1-B7JNQY-AW6LM1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Control Orzamentario da Área de Fomento emitiron informe sobre a xustificación presentada no que conclúen que *"Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei de Contratos do Sector Público para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato"*.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación a exclusión deste procedemento de ORECO, S.A.U. por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais.

**9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábeis mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto, das obras para a execución do proxecto de "Rexeneración do paseo do fronte marítimo da vila de Bouzas" (875-441)**

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 1 de setembro de 2021 de valoración do sobre C *"proposición avaliábeis mediante fórmula"* coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

**b) Procedemento aberto simplificado do subministro e instalación de tres xogos de canastras monotubo motorizadas elevables para o pavillón municipal de Navia (4.145-611)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Lémbrese que por acordo de data 25 de agosto de 2021 se concedeu un prazo de tres días a ZONA DE OBRA O ROSAL S.L. para que puidese emendar a documentación presentada xunto coa súa oferta segundo o esixido no apartado 6B do Anexo I -FEC- do PCAP e a cláusula III do PPT. Durante o prazo concedido o licitador presentou documentación da que se deu traslado ao servizo xestor.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Deportes o 31 de agosto de 2021 de comprobación da presentación da documentación complementaria esixida xunto coa oferta e de valoración do sobre B *"proposición avaliábeis mediante fórmula"* coa proposta de clasificación.

A Mesa acepta o referido informe e acorda, por unanimidade, excluír deste procedemento a ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U. por non presentar toda a documentación esixida no prego de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares (apartado 6B do Anexo I -FEC- do PCAP *"Se o licitador non posúe a mencionada documentación dentro do prazo de presentación de ofertas será excluído da licitación"*).

**c) Concurso para a contratación do arrendamento dun local destinado**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:12	Páxina 2 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAC44-CHDA21-42A8C1-B7JNQY-AW6LM1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



**a oficina de turismo municipal (7.888-104)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado polo arquitecto municipal do 1 de setembro de 2021 sobre as condicións técnicas mínimas esixibles neste procedemento e o informe da xefa do Servizo de Turismo da mesma data de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que son aceptados por unanimidade dos membros da Mesa.

**d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Valladolid" (880-441)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 1 de setembro de 2021 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación. A Mesa acepta, por unanimidade, o referido informe e propón excluír deste procedemento a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que tivese presentado xustificación ningunha dentro do prazo concedido para o efecto.

**10.- Propostas de clasificación/clasificación**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras para a execución do proxecto de "Rexeneración do paseo do fronte marítimo da vila de Bouzas" (875-441)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluír deste procedemento a ORECO, S.A.U. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se cumpran os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 31 de agosto de 2021.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras para a execución do proxecto de "Rexeneración do paseo do fronte marítimo da vila de Bouzas" (875-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	96,67
2	UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. -	93,41



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:12	Páxina 3 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAC44-CHDA21-42A8C1-B7JNQY-AW6LM1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Orde	Licitadores	Puntuación total
	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	
3	UTE CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A. - CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	92,47
4	UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS - PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	90,47
5	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	85,95
6	UTE FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A. - CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	83,59
7	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	64,65
8	OBRASCON HUARTE LAIN, S.A.	56,21

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**b) Procedemento aberto simplificado do subministro e instalación de tres xogos de canastras monotubo motorizadas elevables para o pavillón municipal de Navia (4.145-611)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, a Mesa acorda, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado do subministro e instalación de tres xogos de canastras monotubo motorizadas elevables para o pavillón municipal de Navia (4.145-611) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	MONDO IBÉRICA, S.A.U.	100 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MONDO IBÉRICA, S.A.U. (A-50.308.139), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:12	Páxina 4 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAC44-CHDA21-42A8C1-B7JNQY-AW6LM1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Servizo de  
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO  
DE VIGO**



- Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
- Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo VI.
- Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
- Acreditación da solvencia técnica esixida na cláusula 8.4.3º do PCAP.

**c) Concurso para a contratación do arrendamento dun local destinado a oficina de turismo municipal (7.888-104)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste concurso para a contratación do arrendamento dun local destinado a oficina de turismo municipal (7.888-104) na seguinte orde descendente:

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación</b>
1	D. JOSÉ LORENZO FORTES	86 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, D. JOSÉ LORENZO FORTES (34.905.000-Q), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (cláusula 19 do PCAP):

1. Documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren a cláusula 8.4.3º do PCAP e a letra a do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, con excepción dos certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, por canto estes serán solicitados de oficio polo Servizo de Contratación ás Administracións correspondentes.
2. Acreditación documental dos seguintes extremos:
  - O seguro do local, que permanecerá vixente mentres dure o arrendamento. A acreditación deste requisito efectuarase por medio de certificado expedido pola ou polo asegurador, no que consten os importes e riscos asegurados e a data de vencemento do seguro, e mediante o documento de compromiso vinculante de subscripción, prórroga ou renovación do seguro, nos casos en que proceda.
  - Certificado da Comunidade de Propietarios, no seu caso, acreditativo de estar ao día no pagamento das cotas comunitarias.

**d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Valladolid" (880-441)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:12	Páxina 5 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAC44-CHDA21-42A8C1-B7JNQY-AW6LM1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que tivese presentado xustificación ningunha dentro do prazo concedido para o efecto.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Valladolid" (880-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	95,17
2	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES S.L.	92,53
3	MONTAJES J.M. IGLESIAS S.L.	89,86
4	NAROM S.L.	88,64
5	ORECO S.A.U.	86,18
6	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	85,46
7	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS S.L.	74,46

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) (A-36.008.886), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:12	Páxina 6 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAC44-CHDA21-42A8C1-B7JNQY-AW6LM1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		